

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESEÑO DUNHA METODOLOXÍA PARA A ELABORACIÓN DE MAPAS DE CALOR E A LOCALIZACIÓN DE REFUXIOS CLIMÁTICOS ATENDENDO ÁS NECESIDADES DE BIODIVERSIDADE, AO ABEIRO DO PLAN PIMA REFUXIOS CLIMÁTICOS

Ao abeiro do que establece o artigo 4. f) da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG de 30 de abril de 1991), así como no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, expóñense os antecedentes, as razóns de necesidade e oportunidade, o carácter non contractual, os obxectivos perseguidos e o impacto económico deste convenio de colaboración:

1. ANTECEDENTES E RAZÓNS DE NECESIDADE E OPORTUNIDADE

I. O cambio climático constitúe unha ameaza cuxos efectos teñen repercusión sobre múltiples aspectos de carácter global como son, entre outros, o desenvolvemento sustentable, a economía mundial, a xestión dos recursos naturais ou a saúde. Este carácter universal, tanto das causas como dos efectos, provoca que sexa indispensable achegar unha resposta multilateral fundamentada na acción conxunta de todos os países de acordo co principio das responsabilidades comúns pero diferenciadas.

II. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e nos termos sinalados na Constitución Española e no Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

III. Dentro desta consellería, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá, entre outras, as competencias no impulso de actuacións a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.



IV. A Universidade de Vigo é unha institución responsable socialmente e, como tal, sirve de axente activo para cumprir cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada polas Nacións Unidas; por esta razón a planificación do seu Plan Estratéxico 2021-2026 está organizada arredor dos 17 ODS. Ademais, conta cos Departamentos de Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos, así como o de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación, con persoal especializado en proxectos de enxeñería e de formación.

V. Tendo en conta que as ondas de calor cada vez máis frecuentes e intensas derivadas do cambio climático obrigan á cidadanía galega a vivir con temperaturas extremas en moitas ocasións durante o verán, e que este fenómeno é aínda peor nas cidades por mor do chamado efecto illa de calor (a acumulación de radiación no asfalto e no formigón). Ante esta ameaza, o concepto de refuxios climáticos está xurdindo como modo de paliar as situacións críticas que, en determinados momentos do período estival, se dan sobre as persoas cando se acadan temperaturas extremas, proporcionando lugares frescos e zonas de sombra, sobre todo á poboación máis vulnerable. Ao deseñar refuxios climáticos, deben considerarse as necesidades da biodiversidade, para asegurar a conservación de especies autóctonas e a continuidade dos procesos ecolóxicos, promovendo unha contorna equilibrada e sostible. Este enfoque integral non só favorece a adaptación dos ecosistemas ao cambio climático, senón que tamén mellora a calidade de vida das comunidades humanas ao proporcionar espazos verdes saudables e funcionais. Por tanto, a integración de criterios de biodiversidade na planificación de refuxios climáticos é fundamental para garantir sostibles e duradeiras que benefician tanto á natureza como á sociedade.

Neste contexto, xurde a necesidade de poder ofrecer ós concellos unha metodoloxía para identificar cales son as illas de calor e os refuxios climáticos, organizando os espazos existentes, respectando as necesidades de biodiversidade da zona, e estruturando a información para que toda a poboación poda coñecer libre e gratuitamente onde se atopan as illas de calor e os refuxios climáticos dispoñibles na ubicación na que se atope, sabendo que poden utilizar eses refuxios climáticos sen impactar na biodiversidade da contorna.

VI. Na reunión da Conferencia Sectorial do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico celebrada por procedemento escrito do 23 ao 31 de outubro de 2023, autorizáronse os criterios de repartición e a distribución territorial dos créditos relativos ao plan PIMA Refuxios Climáticos, correspondendo á Comunidade Autónoma de Galicia a cantidade global de 449.641,13 euros.

Este PIMA pretende canalizar recursos para a identificación e adecuación de refuxios climáticos para a biodiversidade. As actuacións obxecto de financiamento inclúen, entre



outras, o desenvolvemento de deseños metodolóxicos para a identificación de refuxios e microrrefuxios climáticos.

VII. A participación da Universidade de Vigo e da consellería nun proxecto destas características situaría a Galicia na vangarda da loita contra a emerxencia climática e ao apoio aos colectivos máis vulnerables, de acordo cos obxectivos do desenvolvemento sostible.

VIII. Consonte ao anterior, as partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración que permitan executar as distintas accións encamiñadas ao cumprimento dos seus obxectivos, en particular no que respecta ás accións contra os efectos do cambio climático.

2. OBXECTO E FINALIDADE CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de acción contra o cambio climático, consistente na elaboración dunha metodoloxía para que os concellos de Galicia poidan determinar, na súa contorna:

1. As illas de calor, entendidas como as localizacións onde as temperaturas sexan extremadamente altas, ou inusualmente altas no concello. Se trata de lugares onde, ante fenómenos meteorolóxicos adversos de altas temperaturas, sofren de temperaturas extremas e que deberan ser evitadas co fin de non sufrir as habituais consecuencias da calor extrema (golpes de calor, deshidratación), especialmente no caso de grupos de poboación sensibles (persoas maiores, pequenos de curta idade, etc.).
2. Os refuxios climáticos, localizacións dos concellos que potencialmente poidan ser empregadas pola poboación en circunstancias de temperaturas extremadamente altas. Serán lugares que teñan unhas condicións de temperatura e humidade que poidan servir como refuxio en circunstancias meteorolóxicas de calor significativamente alta, e onde a poboación poida paliar temporalmente o exceso de temperatura.
3. As zonas de preservación da biodiversidade, no caso de que coincidan cunha localización definida como refuxio climático. Trátase de zonas que, aínda que foran preseleccionadas como refuxio climático, non deben empregarse como tal por un número significativo de persoas (ou por ningunha), por tratarse de lugares onde a presenza humana puidera impactar negativamente no desenrolo da biodiversidade do lugar.



No marco do convenio, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático realizará as seguintes actuacións:

- a. Colaborar no desenvolvemento daquelas iniciativas e accións vinculadas ao obxecto do convenio para asegurar o seu cumprimento.
- b. Promover a coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia ou outras entidades públicas ou privadas que poidan ter interese ou competencias na materia.
- c. Establecer canles de comunicación coas entidades locais para a detección das súas necesidades en relación al establecemento de refuxios climáticos
- d. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula primeira ata a contía máxima que se recolle na cláusula quinta.
- e. Prestar o asesoramento técnico necesario para facilitar o desenvolvemento das actividades vinculadas ao convenio.
- f. Supervisar que as actividades sexan desenvolvidas de acordo coas estipulacións do presente convenio e ditar as instrucións que se estimen precisas para a referida colaboración.
- g. Facilitar o acceso a fontes de información que puideran ser relevantes para o correcto desenvolvemento do proxecto.
- h. Realizar as oportunas accións de comunicación para garantir a participación social no programa

Pola súa banda, a Universidade de Vigo, realizará as seguintes actuacións:

- a. Liderar o desenvolvemento do proxecto.
- b. Realizar e garantir o cumprimento das actividades establecidas para o desenvolvemento do proxecto consonte ao establecido na cláusula primeira.
 - deseño da metodoloxía descrita anteriormente.
- c. Efectuar as achegas relativas ás actuacións desenvolvidas aos efectos da elaboración conxunta por parte da Universidade de Vigo do informe final requirido.
- d. Xustificar a realización das actuacións contempladas e gastos efectuados de conformidade co establecido neste convenio.

3. VALORACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO



Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático achegará á Universidade de Vigo a cantidade máxima de 39.939,18 € con cargo á partida orzamentaria 36.02.541E.640.1, código de proxecto 2024 00212 do seu orzamento de gastos para o ano 2024.

Esta achega económica realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra para a axeitada execución das accións obxecto do convenio. En ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte da dita asociación.

4. VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

5. XUSTIFICACIÓN DO CARÁCTER NON CONTRACTUAL E NON SUBVENCIONAL

De acordo co artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público *"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*

(...)

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. Nese caso, a súa natureza e réxime xurídico axustaranse ao previsto na lexislación de contratos do sector público".

Pola súa banda, o artigo 6.1. da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, indica que: *"Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.*

A súa exclusión está condicionada ao cumprimento das condicións establecidas nas letras a), b) e c) do dito artigo.

En relación á letra a), consta no expediente certificado da Universidade de Vigo no que se recolle que esta *"non realiza no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por*



cento das actividades obxecto de colaboración”, polo que se pode presumir que non ten vocación de mercado.

En canto as letras b) e c), tal e como se indicou no apartado segundo desta memoria, o obxecto do convenio é establecer as condicións da colaboración entre as partes para o desenvolvemento dun proxecto de acción contra o cambio climático, consistente na elaboración dunha metodoloxía para que os concellos de Galicia poidan determinar, na súa contorna, as illas de calor, os refuxios climáticos e as zonas de preservación da biodiversidade.

Nel, as partes colaboran para a consecución dun fin común de interese público, como é a loita contra o cambio climático, no marco das competencias e fins de cadaquén, proporcionando vantaxes e sinerxías nas que están implicadas actividades que coinciden plenamente coas que veñen desenvolvendo as entidades participantes.

Así mesmo, a cláusula quinta do convenio, sinala que a achega económica da Consellería de Medio Ambiente realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra a Universidade de Vigo para a axeitada execución das accións previstas e que en ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte da Universidade. Isto supón a inexistencia de intercambio patrimonial ou onerosidade, o que afasta definitivamente o obxecto desta actuación dun contrato administrativo.

En canto ao carácter non subvencional, segundo o artigo 2º.2.a) do Decreto 11/2009, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, *“será de aplicación a Lei de subvencións de Galicia e este regulamento:*

a) Aos convenios de colaboración subscritos entre administracións públicas, en que unicamente a Administración pública beneficiaria ten competencias propias de execución sobre a materia, consistindo a obriga da Administración pública concedente da subvención na realización dunha achega en diñeiro a favor da outra ou outras partes do convenio, coa finalidade de financiar o exercicio de tarefas, investimentos, programas ou calquera actividade que entre dentro do ámbito das competencias propias da Administración pública destinataria dos fondos”.

Tendo en conta as obrigas das partes que figuran nas cláusulas segunda e terceira do convenio, a colaboración non se limita a unha achega económica dunha administración a outra para o exercicio das competencias propias desta última. Pola contra, trátase dunha colaboración conxunta entre a Consellería de Medio Ambiente e a Universidade de Vigo,



onde ambas partes contribúen ao desenvolvemento dun proxecto en común, sen que unha delas asuma todas as responsabilidades de execución ao respecto.

É preciso destacar que, na cláusula duodécima, as partes acordan a titularidade compartida dos resultados da actividade, o que reforza definitivamente a natureza cooperativa e bilateral do acordo.

En consecuencia, o convenio non encaixa no suposto do artigo 2º.2.a) do Decreto 11/2009, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, debendo quedar excluído do seu ámbito de aplicación.

Por todo o exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio de colaboración entre as partes involucradas ao abeiro do establecido no artigo 47.2 letra a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 6.1 do citado texto legal, sen prexuízo de que lle sexan de aplicación, como establece o artigo 4, os seus principios para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Paula Mª Uría Traba

